
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE DECEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 75%, derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convocan para o ano 2019 subvencións ás entidade locais para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a concesión de subvencións ás aulas das entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñan a consideración de “aulas de referencia” para o exercicio 2019, cun importe total de cincocentos corenta e tres mil douscentos sesenta e sete euros (543.267€).

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación con diversas actuacións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, cofinanciadas con cargo ao programa operativo do Feder 2014-2020.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e a conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos parciais, de conformidade co artigo 62.2 do citado regulamento na Orde conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019, por importe de dez millóns catrocentos cincuenta mil euros (10.450.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de sete millóns cincocentos sesenta e tres mil euros (7.563.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. Importe: tres millóns catrocentos sesenta mil cento cincuenta e dous euros (3.460.152 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para 2019 entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña para o

desenvolvemento do programa “Avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo”. Importe: douscentos trinta e cinco mil dezanove euros con trinta e sete céntimos (235.019,37 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan marco de mellora de camiños municipais 2019-2020.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña para a realización da acción de investigación: Aspectos básicos da bioloxía de poliquetos explotados nas costas de Galicia. Criterios para a xestión das poboacións explotadas. CIMA 18/05, por importe de oitenta e cinco mil douscentos un euros con dezaioito céntimos (85.201,18€).

INFORME

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre os programas de axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a aplicación das novas tecnoloxías no tecido empresarial e o impulso da Industria 4.0.

A XUNTA PUBLICARÁ 183 ESTATÍSTICAS EN 2019, CON NOVAS ANÁLISES SOBRE TERRITORIO, POBOACIÓN, SOCIEDADE OU TECNOLOXÍA

- ***O programa do vindeiro ano inclúe 144 actividades de difusión e información e 39 de divulgación e análise***
- ***Estas operacións permitirán afondar na calidade, transparencia, rigor e obxectividade do sistema estatístico galego***
- ***Aumentará a oferta de información dos concellos para estimar a carga estacional de poboación e o emprego asociado ao seu PIB***
- ***Seguiranse a executar as grandes enquisas como a EPA ou a Enquisa Estrutural a Fogares***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico da Comunidade Autónoma para 2019, a través do cal a Xunta realizará o vindeiro ano 183 estatísticas e ampliará información con novas análises sobre territorio, poboación, sociedade, estrutura produtiva e tecnoloxía. Estas operacións permitirán afondar na calidade, transparencia, rigor e obxectividade do sistema estatístico galego.

Destas 183 estatísticas, 144 son actividades de difusión e información propias que incrementarán a oferta informativa sobre Galicia procedente das autoridades estatísticas central e europea. As outras 39 son actividades de difusión que engadirán valor á información dispoñible e ofrecerán aos usuarios produtos que faciliten a toma de decisións.

O IGE e os órganos estatísticos das consellerías enriquecerán no ano 2019 a súa oferta con novas actividades en diversos eidos, entre elas revisar as proxeccións de poboación, formular indicadores migratorios ou realizar enquisas sobre conciliación laboral e familiar, emprego e discapacidade.

O sistema de contas porá o foco na matriz de contabilidade social e os escenarios macroeconómicos formarán parte da oferta estatística. A enquisa de multilocalización empresarial, os novos datos sobre comercio retalista e a análise da agroindustria enriquecerán tamén a información económica. Ademais, a oferta para os concellos aumentará coa estimación do emprego asociado ao Produto Interior Bruto (PIB) municipal.

O instituto seguirá a executar igualmente en 2019 as grandes enquisas dos programas anteriores, como a Enquisa de Poboación Activa (EPA) ou a Enquisa Estrutural a Fogares (EEF), que completará a súa difusión con información sobre coidado de menores.

Plan estatístico 2017-2021

O Plan galego de estatística 2017-2021 supón un marco legal que consolida e amplía os logros dos anteriores. Ademais, coloca Galicia entre o reducido número de comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas. O plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo comité do sistema estatístico europeo. Polo tanto, a organización estatística de Galicia queda

sometida aos seus principios. A independencia profesional do persoal estatístico, a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia son algúns deles.

O PRIMEIRO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA ENTRARÁ EN VIGOR NAS VINDEIRAS SEMANAS

- ***O Consello da Xunta ratifica o último acordo necesario para permitir a aplicación deste documento que regulará os usos e garantirá a conservación do único parque nacional de Galicia durante os vindeiros dez anos***
- ***Entre as novidades destaca que contará cun plan de emerxencia e de autoprotección, co fin de dotalo dunhas ferramentas de planificación propias que melloren a capacidade de resposta e facer fronte ás posibles emerxencias que puidesen presentarse***
- ***Por primeira vez establécese unha cota de visitantes na illa de Ons, polo que as catro illas do parque terán un límite de acceso, co obxectivo de equilibrar a conservación dos valores que o fan único e o desenvolvemento de usos e actividades sustentables***
- ***Illas Atlánticas é o primeiro parque nacional no que se aplican novos criterios para definir a súa zonificación, xa que se ten en conta a dimensión vertical e a profundidade das augas, co establecemento de cinco zonas diferentes***
- ***Tamén inclúe un plan de actuación con oito liñas de traballo e un orzamento anual de máis de 2,5 millóns de euros para avanzar en materia de conservación da biodiversidade e paisaxe, investigación e uso público***

O Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Illas Atlánticas entrará en vigor nas vindeiras semanas, despois de acadar a aprobación do Consello da Xunta que se suma ás trasladadas polo Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Cogamads) e o Consello da Rede de Parques Nacionais, a semana pasada. Co visto e prace destes tres organismos xa se pode dar traslado a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que se proceda á súa entrada en vigor.

Este é o primeiro PRUX de Illas Atlánticas, un completo plan de xestión e uso que rexerá durante a vindeira década no único parque nacional presente na Comunidade Autónoma, que é froito do consenso e do traballo coordinado cos diferentes sectores e axentes, que puideron expresar as súas demandas e as cales se tiveron en conta, polo que se trata dun documento completo que ten en conta as visións dos axentes presentes e que intervelen neste enclave natural.

Ademais, a aprobación do PRUX é un claro recoñecemento ao traballo desenvolvido durante meses polo Goberno galego para dotar este parque nacional dunha folla de ruta na que se detallan os obxectivos e os criterios de xestión, co establecemento da normativa de protección, a regulación de aproveitamentos, a zonificación e as actuacións expostas para o próximos dez anos en materia de conservación, uso público, investigación e seguimento.

Unha das principais novidades que recolle o plan é que contará cun plan de emerxencia e de autoprotección ambiental, co obxectivo de dotalo de ferramentas de planificación

propias que melloren non só a capacidade de resposta ante posibles incidentes ou sucesos, senón tamén para preservar os valores que fan destas illas un lugar incomparable. No caso dos plans de emerxencia, estes pretenden optimizar a utilidade dos recursos técnicos e humanos dispoñibles, co obxectivo de controlar de forma rápida a evolución da emerxencia e minimizar as posibles consecuencias. Deberán estar adaptados á normativa vixente e coordinada co resto dos plans establecidos no mesmo ámbito territorial.

O plan de autoprotección recollerá a prevención dos riscos máis probables derivados das actividades que se desenvolven normalmente na contorna de cada parque, recollerá as previsións orzamentarias necesarias para a súa aplicación, os medios dispoñibles e a necesaria formación das persoas. Deberá incluír mecanismos de coordinacións cos plans de protección civil e actualizarse periódicamente. Ambos os dous plans expoñeranse co obxectivo de optimizar a utilidade dos recursos técnicos e humanos dispoñibles.

As Illas Atlánticas, único parque nacional que existe en Galicia, destaca polo seu enorme valor ambiental, paisaxístico e de biodiversidade, xa que conta con 34 hábitats de interese comunitario dos 90 que hai en Galicia. Para seguir mantendo os ditos valores estableceráanse plans para a eliminación de especies alóctonas e protección de flora de interese. Así, manteranse as medidas de control, mitigación e erradicación de especies invasoras que afecten á dinámica, distribución e hábitats das poboacións presentes e poranse en marcha bancos de xermoplasma que aseguren a conservación da flora de interese para a conservación.

Educar e facilitar o acceso

Achegar e informar da riqueza natural, paisaxística, patrimonial que existe neste enclave é a mellor forma de tomar conciencia dos valores que fan únicos aos distintos ecosistemas que existen no parque nacional de Galicia.

Para fomentar a educación ambiental, favoreceranse os intercambios de material e experiencias de carácter educativo con outros centros e institucións dedicadas á educación ambiental, principalmente con aqueles situados dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. A Xunta ve necesaria a integración de todas as persoas con independencia das súas capacidades, polo que se fomentarán as actividades para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise ou dano cerebral; tal e como se vén facendo desde o ano 2007 coa entidade Amicos; a través de instalacións de pictogramas para facer máis accesible este lugar a persoas que sufran autismo, por exemplo; e co fomento da participación deste colectivo en tarefas de voluntariado.

Límite de acceso na totalidade do parque, con nova zonificación

Outra das novidades é que a totalidade de illas que conforman o parque nacional (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada) teñen por primeira vez un límite de acceso, tanto na tempada alta como na baixa, co obxectivo principal e primordial de compatibilizar o uso público e as actividades recreativas e deportivas cos obxectivos de conservar o Parque Nacional,

ordenar e facilitar o gozo do visitante baseado nos seus valores, de modo que se compatibilice coa súa conservación.

Así, a illa de Ons, por primeira vez, contará cunha cota de visitantes que se establecen en 1.300 persoas ao día, 200 para grupo e na zona de acampada o límite é de 300 diarias. A regulación do uso público en Cíes será dun máximo de 1.800 diarias, un máximo de 200 visitantes para grupos e un máximo de 600 campistas; no caso de Sálvora e Cortegada, manteñen a cota actual de grupos autorizados, 250 persoas ao día.

En tempada baixa, tanto en Cíes como en Ons, establécese unha cota de 450 persoas para cada arquipélago que accedan en grupos organizados, mentres que en Sálvora e Cortegada a dita cota fíxase en 250 persoas para cada illa.

Outras das novidades é a implantación dunha nova zonificación no parque nacional, tendo en conta a súa dimensión vertical e a profundidade das augas e, polo tanto, é a primeira vez que se aplica este sistema nun parque nacional. Deste xeito, ademais das cinco zonas xa recoñecidas (zona de reserva, de uso restrinxido, de uso moderado, de uso especial e de edificacións existentes), créase unha nova zonificación do medio mariño, ao ter en conta a dimensión vertical para adecuar a súa delimitación ás distintas profundidades e ecosistemas, polo que agora se consideran a columna de auga, os fondos mariños e as isóbatas.

Regulación dos aproveitamentos pesqueiros

Un dos obxectivos deste documento é o fomento do mantemento das actividades profesionais tradicionais, sobre todo as de aproveitamento dos recursos mariños naturais. O PRUX vela pola aplicación de medidas compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitarios ou as áreas de especial interese para o mantemento daquelas actividades que estean reguladas polo organismo autonómico competente en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura.

Así, propónse unha regulación dos aproveitamentos pesqueiros e marisqueiros, en consenso co sector, para manter as actividades que se viñan desenvolvendo ata o momento, promover o deseño e aplicación dun código de boas prácticas e impulsar unha marca de calidade. Deste xeito, os produtos obtidos da actividade marisqueira e pesqueira dentro do ámbito do parque nacional -que cumpran coas regulacións establecidas no plan e normativa sectorial vixente- poderán ser comercializados baixo unha marca de calidade, que se desenvolverá a través dun regulamento específico.

O Plan reitor de uso e xestión estará acompasado polo desenvolvemento dun plan de actuacións con oito liñas de traballo, centradas na conservación da biodiversidade e a paisaxe, a investigación, o uso público, a conservación do patrimonio cultural, a mellora da sustentabilidade e a calidade de vida, e a definición dun plan de emerxencias, outro de autoprotección e un de desenvolvemento sustentable. Un plan de acción que cada ano implicará investir 2,6 millóns de euros.

A XUNTA DE GALICIA DECLARA BIC A PAISAXE CULTURAL DA RIBEIRA SACRA

- ***Tendo en conta a relevancia patrimonial e socioeconómica deste procedemento, a Consellería de Cultura e Turismo logrou reducir de dous a un ano o prazo de tramitación do Ben de Interese Cultural***
- ***Trátase do paso previo e necesario para que a Ribeira Sacra poida optar á inclusión na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO***
- ***Estimáronse un total de 23 alegacións que permitiron completar o expediente en aspectos relativos á toponimia, o patrimonio fluvial ou a arquitectura defensiva***

O Consello da Xunta de Galicia vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC) a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, quedando así acreditado o valor sobranceiro e o máximo nivel de protección para este ben que opta a ser incluído na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

O expediente foi incoado a finais do mes de decembro de 2017 e a súa tramitación realizouse no prazo total dun ano, do máximo das dúas anualidades previstas pola lei marco autonómica para este tipo de procedementos. Isto supón que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, cumpriu co compromiso de axilizar ao máximo a xestión para seguir avanzando no impulso da candidatura a Patrimonio Mundial.

No proceso, tanto a Real Academia de Belas Artes como o Consello da Cultura Galega emitiron senllos informes favorables sobre a declaración de Ben de Interese Cultural da Ribeira Sacra. Así mesmo, das 29 alegacións recibidas durante o prazo de exposición pública, que se estendeu a catro meses e dez días para facilitar a participación, foron estimadas, total ou parcialmente, 23 delas, o que supón un 80% de aceptación.

Este proceso permitiu mellorar e completar o expediente en aspectos significativos relativos á toponimia ou ao patrimonio fluvial. Incluíronse de xeito adicional diversos elementos da arquitectura defensiva como o castelo da Peroxa e un fito singular do patrimonio inmaterial como é o Folión de Carros chantadino.

Innovador e incomparable

Este procedemento de declaración da paisaxe cultural da Ribeira Sacra resultou innovador e incomparable con calquera outro que se teña realizado con antelación tanto en Galicia como no resto do Estado. Con esta declaración de BIC acádase o recoñecemento da máxima valía cultural para unha extensión duns 180 quilómetros cadrados co desenvolvemento dun réxime de protección específico.

A paisaxe cultural da Ribeira Sacra abrangue parte do territorio dun total de 22 concellos das provincias de Lugo e Ourense (Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Monforte de Lemos, A Peroxa, A Pobra do Brollón, A Pobra de Trives, Portomarín, Quiroga, Ribas de

Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo) en dúas zonas diferenciadas: a do BIC e a de amortecemento, e inclúe ademais unha serie de bens individuais. Os bens que se relacionan coa paisaxe e que se inclúen na declaración distribúense en tres categorías.

En primeiro lugar, están aqueles que gozan xa da máxima protección. Son un total de 70 bens de interese cultural entre inmobles (58), mobles (3) e manifestacións do patrimonio inmaterial (9). En segundo lugar, hai un total de 512 bens inmobles catalogados no ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Isto é dentro da zona BIC e de amortecemento do ben que se declara mediante o presente decreto. E, en terceiro lugar, inclúense un total de 634 bens inmobles de carácter sacro catalogados no conxunto do territorio da Ribeira Sacra. Isto é, as igrexas, capelas, ermidas etc., existentes no conxunto dos 22 concellos representados desde o límite da zona de amortecemento ao límite do concello.

Réxime de protección

O decreto establece un réxime de protección xeral dos bens integrantes da paisaxe cultural e outro específico para a paisaxe cultural. No apartado relativo aos bens, este responde ao réxime xeral legal xa existente, e incorpora como normativa a instrución de obras menores que axiliza as intervencións de conservación e mantemento. Tamén se regula a zona de amortecemento, especificando que actuacións de carácter territorial precisan autorización.

En canto ao réxime específico da paisaxe cultural, requirirase autorización para as actuacións maiores como novas construcións, infraestruturas e instalacións, as reconstrucións de inmobles derruídos, a modificación da estrutura tradicional en grandes superficies de terreo ou a construción de miradoiros e embarcadoiros novos. Cómpre subliñar que a normal actividade agrícola e a meirande parte das actuacións de mantemento e rehabilitación non precisarán autorización.

Descrición e valores culturais

O decreto contén tamén a descrición dos valores xerais da paisaxe cultural segundo o resultado dos estudos e da propia revisión realizada durante a información pública do expediente. Analízanse cuestións como o valor da Ribeira Sacra como paisaxe cultural evolutiva e viva, as características físicas do espazo natural ou a ocupación histórica do territorio. Estúdase a toponimia e a transmisión do coñecemento sobre os lugares, a parroquia como unidade de estrutura do territorio e aspectos concretos como os socalcos, as cavadas, a casa tradicional, as adegas e sequeiros ou o patrimonio fluvial.

A Ribeira Sacra evolucionou nos últimos anos na confirmación da súa identidade. Trátase dun expoñente máximo da relación entre home e natureza. Como unidade de paisaxe e características xeomorfolóxicas existen claras evidencias da súa identidade diferenciada, sustentada nunhas mostras do patrimonio cultural que resultan tamén destacables tanto polo seu marco cronolóxico como pola densidade e condicións propias de desenvolvemento.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 5,4 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS

- ***As axudas teñen como obxectivo facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero***
- ***As bases recollen a concesión de anticipos do 75% das subvencións concedidas, co fin de que as entidades locais dispoñan de recursos iniciais que lles permiten facer fronte aos gastos derivados das accións obxecto de subvención***
- ***Como novidade nesta convocatoria, incorpórase unha nova liña derivada do Pacto de Estado, que abarca un conxunto de medidas nas que as entidades teñen a oportunidade de participar e colaborar na promoción da igualdade e na erradicación da violencia de xénero***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria das axudas para entidades locais para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, cun orzamento de preto de 5,4 millóns de euros.

O obxectivo principal destas axudas é facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local en Galicia, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero; promover actuacións que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e impulsar o funcionamento e a consolidación dos centros de información ás mulleres (CIM), nos que se prestan os servizos de información e asesoramento, ofrecendo unha atención integral e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación socio laboral ás mulleres en situación de vulnerabilidade, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se encontran nalgunha situación de especial vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación persoal, social, laboral e profesional.

Por outro lado, e como novidade nesta convocatoria para o ano 2019, incorpórase unha nova liña de actuación derivada do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que recolle unha liña específica de crédito para as entidades locais e un conxunto de medidas nas que as entidades locais teñen a oportunidade de participar e colaborar na promoción da igualdade e na erradicación da violencia de xénero.

As bases reguladoras prevén a concesión de anticipos do 75% das subvencións concedidas, co fin de que as entidades locais dispoñan de recursos iniciais que lles permiten facer fronte aos gastos derivados das accións obxecto de subvención, así como a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, para o caso do Programa de apoio aos centros de información á muller.

Poderán ser obxecto de subvención, os programas de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar; de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero; de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM); e de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, este último no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O programa de fomento da conciliación subvenciona as medidas que os concellos adopten coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 12.000 € no caso de solicitude individual e ata 22.000 € se é unha solicitude conxunta de varios concellos. Conta cun orzamento de 797.065 euros, que supón un incremento do 52% respecto ao consignado no ano 2018, en coherencia co Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.

O programa de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero outorga axudas para actuacións de promoción da igualdade, especialmente coas mulleres que sofren algunha circunstancia de vulnerabilidade e intervencións orientadas a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das súas fillas e fillos, así como das persoas delas dependentes, e dirixidas a impulsar unha atención profesional de maior calidade con accións de empoderamento, autoestima, accións de atención, orientación e acompañamento para a mellora da situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado, de atención directa a menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, así como coas persoas delas dependentes e actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual, en xeral, e a prostitución en particular. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 10.000 euros no caso dunha solicitude individual e ata 20.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos. Conta cun orzamento de 352.000 euros.

Apoio aos centros de información á muller

Outra das liñas de axudas é o programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), co fin de reforzar a súa funcionalidade e consolidar os postos e o perfil profesional das persoas que prestan servizos neles son subvencionables a existencia no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, para a atención a mulleres en situación de vulnerabilidade; a contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 45.000 € no caso dunha solicitude individual e ata 120.000 € no caso dunha solicitude conxunta. Conta cun orzamento de 3.411.353 €.

Novidade nesta convocatoria

Como novidade nesta convocatoria para o ano 2019 incorpórase unha nova liña de actuación derivada do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, prevese unha liña específica de crédito para as entidades locais e un conxunto de medidas nas cales as entidades locais teñen a oportunidade de participar e colaborar na promoción da igualdade e na erradicación da violencia de xénero.

Ao abeiro deste programa poderanse levar a cabo medidas de sensibilización, información e difusión sobre a promoción da igualdade e a prevención e rexeitamento da violencia contra as mulleres, en desenvolvemento de varias das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 8.000 € no caso dunha solicitude individual e ata 10.000 € no caso dunha solicitude conxunta. Conta cun orzamento de 800.000 €. Con este último programa compensarase a dotación directa que no eido do Pacto de estado contra a violencia de xénero se realizou cara ás entidades locais.

A XUNTA, EN COLABORACIÓN COA FEGAMP, OFRECERÁ MÁIS DE 35.000 HORAS DE CAPACITACIÓN DIXITAL EN 2019 A TRAVÉS DAS AULAS CEMIT

- **Coa resolución aprobada hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego alcanzará 543.267 € aos centros de referencia da rede para actividades formativas**
- **A previsión para o vindeiro ano é incrementar un 10% as persoas usuarias ata acadar os 88.000, grazas ao impulso de actividades dixitais por parte dos máis de 800 aliados dixitais do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.**
- **En total, a rede CeMIT contará cun investimento de máis de 1,5 millón de euros para o mantemento das 98 aulas e itinerarios formativos como os destinados á certificación de competencias dixitais, o uso seguro da rede, dos servizos dixitais, a robótica, programación ou pilotaxe de drones**

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán por sexto ano consecutivo para facilitar que a capacitación dixital pública e gratuíta chegue a todos os galegos a través das actividades da rede de aulas CeMIT.

Así se recolle na resolución, aprobada hoxe no Consello da Xunta, para a concesión da subvención ás aulas das entidades locais que integran a rede CeMIT que teñen a consideración de aulas de referencia para o exercicio 2019.

Con este compromiso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán de novo o vindeiro ano na xestión da subvención e na entrega e distribución dos fondos públicos ás entidades locais para realizar actividades dixitais, a través da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de aulas CeMIT.

Coa finalidade de acadar o obxectivo marcado no Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 de facilitar a formación dixital da sociedade, a rede CeMIT, ofrecerá un amplo catálogo de actividades para alfabetización dixital e doutras iniciativas máis avanzadas para que calquera persoa, independentemente do seu nivel de coñecemento, poida avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.

Investimento

Ao longo do ano 2019 a Amtega destinará máis de 1,5 millóns de euros para realizar as actividades do Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 a través da rede CeMIT, así como para o mantemento das infraestruturas dos centros e a mellora das ferramentas de xestión.

En concreto, e como se recolle na resolución aprobada hoxe, chegarase ás administracións locais a través da Fegamp 543.267 euros para realizar actuacións en materia de inclusión dixital en 45 aulas CeMIT consideradas de referencia. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas, así como da poboación do municipio, polo que lles corresponde ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes unha subvención de 15.000 € e ás de menos de 5.000 habitantes a contía de 7.251 €.

Pola súa banda, a Fegamp continuará prestando un papel fundamental como canle de comunicación coas entidades locais galegas e será a encargada de transferirlles as correspondentes subvencións.

Balance 2018

Durante 2018, a rede de aulas CeMIT ofertou preto de 50.000 horas de formación dixital, cifra que supuxo un incremento no número de horas que vén desenvolvendo nos últimos anos grazas ao labor realizado por parte dos responsables das aulas CeMIT e á crecente colaboración dos máis de 800 aliados dixitais do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

Así, desde a súa posta en marcha en 2011, nas aulas da rede CeMIT planificáronse máis de 328.000 horas de formación dixital gratuíta, principalmente en alfabetización e capacitación dixital e acadáronse máis de 81.000 usuarios/as rexistrados na rede.

Desde 2014, a rede CeMIT está habilitada para acreditar á cidadanía a certificación galega de competencias dixitais en ofimática (Codix), onde se examinaron preto de 4.500 persoas e obtiveron a certificación máis de 3.100 persoas.

Obxectivos 2019

O obxectivo final da Rede CeMIT é acadar que a cidadanía acceda ao mundo dixital e dotar os galegos e galegas das capacidades e habilidades dixitais necesarias para facer pleno uso das TIC e aumentar a súa calidade de vida, a empregabilidade, a inserción social e a innovación social dixital.

Dado o bo resultado acadado en 2018, coa colaboración dos máis de 800 aliados dixitais, a Xunta busca en 2019 continuar garantindo e ampliando a capilaridade e universalidade destes servizos de capacitación dixital promovendo a participación dos axentes sociais, empresariais e entidades públicas para acadar unha maior variedade de temáticas e actuacións en materia de inclusión dixital en todo o territorio galego.

Concretamente, en 2019 está previsto que a rede imparta máis de 35.000 horas formativas no eido dixital e acade os 88.000 usuarios e usuarias.

Tamén se fomentará a certificación de competencias dixitais e o desenvolvemento de actividades como o uso seguro da rede, o manexo da administración electrónica, a robótica e a programación ou o pilotaxe de drones, co fin de dar resposta ás necesidades dunha Galicia dixital.

Máis formación, máis uso da rede

O incremento de servizos dixitais deber ir acompañado de accións formativas e divulgativas que dinamicen o seu uso. Estas medidas repercutiron nun avance en materia de sociedade dixital. Poñéno de manifesto os incrementos rexistrados durante o período 2011-2018. Por

exemplo o uso da internet en Galicia pasou do 58% ao 80,4%, medrando 22,4 puntos, quinto mellor incremento de España.

A franxa de 45 a 54 anos achégase xa ao 90% cando en 2011 apenas superaba o 50% e, no caso concreto da franxa de 55 a 64 anos, pasou do 26% ao 64,8%, medrando nun 149%, segundo mellor incremento de España Entre os 65 e os 74 anos, a cifra chega xa a un 44,2% de uso cando en 2011 apenas un 9,2% das persoas desas idades facía uso da internet.

O CONSELLO DA XUNTA HABILITA O CRÉDITO NECESARIO PARA AS OBRAS DA NOVA ESTACIÓN DE AUTOBUSES INTERMODAL DE VIGO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 16 MILLÓNS DE EUROS

- ***A previsión é iniciar as obras da nova terminal de Urzaiz no primeiro semestre de 2019***
- ***O contrato incluírá a construción da nova estación de autobuses, ademais da parte dos accesos e dos túneles que chegan ata ela, cun prazo de execución total de 18 meses***
- ***Estas actuacións enmárcanse nun conxunto intermodal composto pola estación de ferrocarril, o centro comercial, a nova terminal de autobuses e os accesos***
- ***A execución da estación de autobuses ao carón do centro Vialia e da terminal de ferrocarril permitirá aos usuarios o cambio de transporte dun xeito áxil e cómodo***
- ***En harmonía cos proxectos das estacións e grazas á aprobación do proxecto integrador, acometeranse os accesos de forma independente a cada edificio e evitarase mesturar este tipo de tráfico co procedente do centro urbano***
- ***Acondicionarse, ademais, a praza de acceso que estará dotada de zona de taxis, kiss&ride e cunha entrada e saída directas dos autobuses á zona de dársenas***
- ***Ademais de impulsar estas obras, a Xunta achegou a solución urbanística que fixo posible que o centro Vialia estea xa en execución a pesar da falta de PXOM en Vigo***
- ***A Xunta está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do impulso de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte***
- ***Actualmente xa están en obras as estacións de Santiago e Ourense e nas vindeiras semanas licítarase tamén a de Pontevedra***

O Consello da Xunta habilitou hoxe o crédito necesario para licitar as obras da nova estación de autobuses intermodal de Vigo, que suporá un investimento autonómico de case 16 millóns de euros. A previsión é iniciar a execución das obras na primeira metade de 2019.

A licitación incluírá a nova estación de autobuses e a parte dos accesos e dos túneles que chegan ata ela, cun prazo de execución total de 18 meses. Estas actuacións enmárcanse no conxunto intermodal planificado en Urzaiz, composto pola estación de ferrocarril, o centro comercial, a nova terminal de autobuses e os accesos ao complexo.

O Goberno galego declarou recentemente a urxente ocupación da superficie necesaria para executar a terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo, e fará posible así que o Concello de Vigo, como administración expropiante, axilice ese trámite.

Previamente, o Consello da Xunta do pasado 4 de outubro, deu o visto e prace definitivo ao proxecto conxunto da estación intermodal de Vigo e os seus accesos, facendo posible a súa execución a pesar da falta de Plan xeral de ordenación municipal na cidade. A

tramitación do proxecto ao abeiro da Lei 3/2016 para proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese é o que permite licitar as obras da nova estación de autobuses e os accesos, así como o recente inicio da execución do Centro Vialia.

A Xunta, o Concello de Vigo e o Adif están a traballar coodinadamente no desenvolvemento da estación intermodal, que debe sincronizar a execución da terminal de autobuses coa do Centro Vialia e dos accesos, que financian conxuntamente as tres administracións.

A execución da estación de autobuses ao carón do centro Vialia e da estación de ferrocarril permitirá aos usuarios o cambio de transporte dun xeito máis áxil e cómodo, a través dunha zona habilitada especialmente, de xeito seguro e adaptado para as persoas con mobilidade reducida.

Ademais, en harmonía cos proxectos das estacións, e grazas á aprobación do proxecto integrador, executaranse os accesos de forma independente a cada edificio e evitarase mesturar este tipo de tráfico co procedente do centro urbano.

Por outra parte, tamén se acondicionará a praza de acceso, que estará dotada de zona de taxis, *kiss&ride* e cunha entrada e saída directas dos autobuses á zona de dársenas.

A Xunta de Galicia está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 10,4 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS PARA OS GRUPOS DE REFERENCIA MÁIS COMPETITIVOS DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO

- ***Por primeira vez tramítase a convocatoria de xeito anticipado, o que facilita un mellor aproveitamento dos recursos e unha maior certeza nas persoas contratadas con cargo a estas axudas***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación (Gain), destinará máis de 10,4 millóns de euros ata 2022 a axudas para os grupos de referencia máis competitivos da I+D+i galega, co fin de seguir dotando o sistema de estabilidade e impulsando a súa excelencia.

A convocatoria vai dirixida ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e do IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia.

A convocatoria deste ano introduce, como principal novidade, a súa tramitación de forma anticipada, que facilita un mellor aproveitamento dos recursos e unha maior certeza nas persoas contratadas con cargo a estas axudas. Ademais, na concesión das axudas terase en consideración o liderado das mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no Sistema galego de I+D+i.

O obxectivo desta liña de axudas é asegurar un financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo de ser o caso.

Neste sentido a Xunta está afianzando o seu apoio económico para a consolidación dun Sistema galego de I+D+i que camiñe cara á excelencia e cara ao recoñecemento internacional, a través de convocatorias como esta ou as dirixidas ás estruturas supragrupais (que contan este ano con máis de 16 millóns de euros).

Referencia e potencial crecemento

A convocatoria estrutúrase en dúas modalidades. A primeira delas vai dirixida aos grupos de referencia competitiva, caracterizados por bos índices de publicacións científicas, un nivel de captación de recursos elevado e competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional.

As axudas terán unha duración máxima de catro anos. O importe total de cada unha das axudas virá determinado por unha contía estrutural máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa

competencia e capacidade de consolidación, e distribuirase por anualidades de acordo cun módulo fixo anual e outro variable. A esta modalidade destínanse 7.120.000 €.

Pola súa parte, a modalidade B diríxese a grupos de potencial crecemento que, sen alcanzar os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, constatable con criterios estritos, e que están na senda que os leve a ser grupos de referencia.

As axudas serán de aplicación por un período de 3 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima de 20.000 € na primeira e de 35.000 € na segunda e terceira. A contía total que se mobiliza nesta modalidade ascende a 3.330.000 euros.

Conceptos subvencionables

As axudas de ambas as modalidades poderán destinarse ao custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación, ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións informáticas, bases de datos, etc), pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas; e formación do persoal do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda mediante estadías curtas, así como a viaxes e axudas de custo de membros do grupo para a actividade obxecto da axuda.

A contratación de investigadores visitantes, a organización de actividades de difusión, a publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo), a consultaría e asesoramento externo, os gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría e os custos indirectos tamén serán conceptos subvencionables.

A XUNTA CONVOCARÁ 100 NOVAS BOLSAS PARA CONTRATOS PREDOUTORAIS DE PERSOAL INVESTIGADOR

- ***Mobilizaranse máis de 7,5 millóns de euros para garantir a formación inicial dos investigadores galegos***
- ***Por segundo ano consecutivo tramítase a convocatoria de forma anticipada para que os candidatos conten cunha previsión de data estable que lles facilite o acceso ás axudas***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación (Gain) mobilizarán máis de 7,5 millóns de euros para garantir a formación inicial dos investigadores galegos a través de 100 novas bolsas para contratos predoutorais no Sistema Universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i cunha duración de tres anos. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta convocatoria, que se tramita de forma anticipada por segundo ano consecutivo, co fin de que os candidatos conten cunha previsión de data estable que lles facilite o acceso ás axudas.

Este programa fomenta a formación do persoal investigador desde etapas iniciais (preparación da tese doutoral), partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do persoal investigador. Ademais, permite que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos. En concreto, hoxe hai 274 contratos predoutorais enmarcados dentro desta liña de apoio.

Modalidades

A convocatoria divídese en dúas modalidades. Na modalidade A as axudas están enfocadas a potenciar as traxectorias de investigación vinculadas ás áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3, para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación, e que orientarán as políticas de cohesión da Unión Europea para o período 2014-2020. A previsión é financiar 57 contratos predoutorais nesta modalidade e o importe máximo de cada axuda ascenderá a 23.500 euros anuais.

Pola súa parte, a modalidade B busca garantir a representación de todas as ramas do coñecemento, establecendo un número de prazas para aquelas áreas que se atopan con máis dificultades de encaixe directo nos sectores produtivos, pero que resultan fundamentais para o crecemento sustentable dunha económica baseada no coñecemento. Deste xeito, garántese un mínimo de 10 axudas no ámbito das universidades para Artes e Humanidades, e outras 10 para Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que o número de solicitudes o permita. Nesta categoría beneficiaranse un total de 43 investigadores que preparan a tese e o importe máximo de cada axuda será de 20.500 euros anuais.

Estadías no estranxeiro

Ademais, ámbalas dúas convocatorias inclúen estadias de tres meses de duración no estranxeiro cun importe máximo de 6.000 euros, en función do destino. Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra recibirá 2.000 euros; se realiza a súa estancia en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) terá á súa disposición 4.000 euros; e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 6.000 euros.

As estadias no estranxeiro, que terán que realizarse entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de outubro dese mesmo ano, permitiranlles acadar a mención de doutor ou doutora internacional.

Cómpre ter en conta que, dentro dos criterios de puntuación, se terá en conta que o candidato pertenza a un centro de investigación singular, unha agrupación estratéxica, que estea integrado nunha Unidade de Excelencia María de Maeztu acreditada pola Axencia Estatal de Investigación, que forme parte dun grupo de referencia competitiva (GRC) dun grupo con potencial de crecemento (GPC) ou que forme parte do equipo de investigación dunha persoa investigadora contratada pola Gain no marco do programa Oportunius.

Máis de 16 millóns para fortalecer a masa investigadora

Esta convocatoria, que en breve sairá no Diario Oficial de Galicia, súmase ao programa de apoio á etapa de formación posdoutoral (á falta da convocatoria para 2019, a convocatoria do presente ano está dotada con máis de 9 millóns para formalizar 71 novos contratos) que busca favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación nas universidades galegas do talento investigador.

Entre ambas as dúas liñas de apoio, Educación e Gain mobilizan máis de 16 millóns de euros ata 2021 co fin de financiar a tese e formar os investigadores nunha primeira etapa, así como internacionalizar e formar aos científicos na fase posdoutoral.

A XUNTA CONSOLIDA O AUMENTO DE PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- ***Mantense o importante incremento de preto dun 10% que se aplicou o ano pasado, polo que a contía global das axudas superará en 2019 os 3,4 millóns de euros***
- ***Neste curso escolar finánciase a través desta liña de subvencións 2710 prazas en centros de atención á primeira infancia xestionados por 48 entidades***
- ***Galicia supera na actualidade as 24.000 prazas sostidas con fondos públicos e ten a ratio de cobertura no 42%, nove puntos máis que a óptima recomendada pola Unión Europea***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha nova convocatoria das axudas para as escolas infantís que dependen de Entidades de Iniciativa Social (EPI). O obxectivo é consolidar o aumento de prazas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos que Galicia vén rexistrando nos últimos anos, ata chegar no presente curso escolar a superar as 24.000 e situar a ratio de cobertura no 42%, nove puntos por riba da mínima recomendada pola Unión Europea.

Nesta nova convocatoria para 2019 mantense o importante incremento orzamentario, de preto do 10%, que se aplicou o ano pasado, polo que a contía total destinada a estas axudas ascende a máis de 3,4 millóns de euros. Serán subvencionables os gastos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento dos centros. Ademais, por terceiro ano consecutivo, ofréceselles ás entidades un anticipo do 80% do total da subvención, de xeito que dispoñan da liquidez necesaria para funcionar con total normalidade. Tamén se manteñen os cambios na tramitación que se introduciron nesta lexislatura para simplificar a xustificación da axuda e axilizar a súa xestión.

A contía da subvención establécese en función do número de unidades da escola infantil. Deste xeito, os centros con servizo de comedor que teñan de 1 a 3 unidades recibirán 20.507 euros por cada unha delas, os que dispoñan de 4 a 6 percibirán 19.579 euros por unidade, e aquelas escolas que conten con 7 ou máis terán unha achega de 18.640 euros por cada unidade en funcionamento. Así mesmo, aqueles centros que non conten con servizo de comedor recibirán unha axuda de 16.554 euros por cada unidade.

Aposta por mellorar a conciliación

Con esta actuación, o Goberno galego consolida unha orde da que se benefician 48 EPI ao longo deste ano e que permite o financiamento de 2710 prazas de 0 a 3 anos. Así mesmo, responden ao compromiso de seguir a traballar para eliminar os obstáculos que atopan as familias que desexan ter fillos, entre eles os que atinxen á conciliación.

Nesta liña enmárcanse avances como as máis de 24.000 prazas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos, o dobre que hai nove anos, a posta en marcha dunha rede de casas niño no rural, as liñas de axuda para o financiamento e entrada en servizo de escolas

infantís en contornas laborais ou o Bono Concilia, co que se axuda a pagar a escola infantil que elixan a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública.

A XUNTA AMPLÍA A COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA PRESTAR ATENCIÓN TERAPÉUTICA A MENORES EN SITUACIÓN DE DESAMPARO

- ***Incrementábase en máis dun 20%, ata os 235.000 euros, para chegar a 290 nenas, nenos e adolescentes que están baixo garda ou tutela da Administración autonómica ou con medidas xudiciais***
- ***Conta con puntos de atención nas sete cidades galegas***

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á renovación da colaboración coa Fundación Universidade da Coruña para ampliar o Programa de avaliación e tratamento terapéutico que desenvolve esta entidade con nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo. O orzamento deste novo convenio, con vixencia para todo o ano 2019, incrementábase en máis dun 20% con respecto ao actual, ata acadar os 235.000 euros. Este reforzo económico permitirá atender 290 menores, 50 máis dos que se benefician a día de hoxe desta intervención.

Os menores que son usuarios deste programa están en situación de garda ou tutela da Administración autonómica ou baixo medidas xudiciais. Ademais, todos eles presentan importantes desaxustes emocionais por algunha destas causas: sufrir situacións de desprotección ou maltrato, terse separado das súas familias, ou que nos seus fogares existisen dificultades de convivencia severas ou cronicadas.

O programa consiste nunha rede de terapeutas cunhas directrices e metodoloxía común, supervisada pola Fundación Universidade da Coruña, que ten puntos de atención nas sete cidades galegas. A estes profesionais terapeutas poden acudir tanto os propios menores como as súas familias biolóxicas e acolledoras, así como os profesionais que traballan con eles. Cada nena, neno ou adolescente que participe neste programa asistirá a 12 sesións de terapia e serán 3480 o número total de sesións que se desenvolverán ao abeiro desta iniciativa.

A XUNTA DESTINA CASE 16 MILLÓNS DE EUROS AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS PARA OS ANOS 2019 E 2020

- ***O obxectivo deste plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas***
- ***A repartición establecida para cada un dos concellos galegos fíxose con base nunha serie de criterios previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a conceder axudas aos concellos de Galicia a través do Plan marco de camiños municipais 2019-2020, co fin de seguir traballando na mellora das infraestruturas rurais. Para iso, a consellería achegará case 16 millóns de euros de fondos propios que se xestionarán a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), distribuídos en dúas anualidades de case 8 millóns de euros cada unha.

O obxectivo que se quere alcanzar con este plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas. Estes camiños permiten o acceso ás 30.000 entidades de poboación nas cales se asentan as vivendas da poboación rural e supoñen as canles de entrada e saída das producións rurais (desde o leite ata a artesanía) que precisan os negocios desta contorna. Por iso, a Xunta quere facilitar con estas actuacións a accesibilidade e vertebración do territorio, dinamizando o tecido produtivo ao contribuír á mellora da capacidade organizativa destas áreas rurais.

Para chegar a cada un dos concellos da nosa comunidade, establecéronse unha serie de criterios de distribución das asignacións económicas que foron previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Estes criterios determináronse con base en indicadores obxectivos, a partir dun importe fixo por concello, habitante e entidade de poboación, dentro duns límites de máximos e mínimos, co fin de garantir unha repartición equitativa entre a totalidade de concellos. A estas variables incorporáronse factores correctores vinculados á superficie do concello, o peso do agro no municipio e o grao de despoboamento e de envellecemento. Ademais, prevense un incremento do 50% para aqueles concellos fusionados.

A finalidade destas axudas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais, incluíndo tanto actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes. Porén, quedan excluídas as actuacións en rúas interiores, dentro dos núcleos de poboación.

O orzamento previsto para esta nova convocatoria, que sairá publicada a principios de ano no Diario Oficial de Galicia, mantense con respecto aos anos anteriores e repartirase por provincias da seguinte forma: 4,9 millóns de euros para A Coruña, 4,1 millóns de euros

para Lugo, 3,6 millóns de euros para Ourense e 3,2 millóns de euros para os concellos da provincia de Pontevedra.

A XUNTA COLABORARÁ COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA PROTEXER OS POLIQUETOS DUNHA POSIBLE SOBREEXPLOTACIÓN

- **Un convenio asinado polas dúas institucións impulsa o estudo deste recurso, do que non existen informes sobre a súa situación**
- **O orzamento do proxecto ascende a 85.000 euros repartidos en dúas anualidades, 2019 e 2020**
- **O obxectivo da medida é coñecer o estado das distintas especies, especialmente o milucho, descuberto recentemente**
- **Na actualidade dedícanse en Galicia a esta actividade 108 mariscadores a pé, 25 embarcacións e 42 mergulladores**

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, e a Universidade da Coruña asinaron un convenio para a realización da acción de investigación *Aspectos básicos da bioloxía de poliquetos explotados nas costas de Galicia. Criterios para a xestión das poboacións explotadas* coa que a Xunta aspira a coñecer a situación real deste recurso no seu litoral e realizar así unha xestión sustentable.

A investigación á que fai referencia o convenio, do que informou a Consellería do Mar no Consello da Xunta, busca ter un coñecemento científico máis profundo sobre a bioloxía das especies de poliquetos (vermes mariños que se empregan como engado na pesca deportiva) explotadas en Galicia para que a Administración e as confrarías de pescadores contén cunha ferramenta que axude a establecer plans de explotación sustentable do recurso. O acordo fixa un investimento de máis de 85.200 euros repartidos en dous anos, 2019 e 2020, a metade para cada un deles.

Galicia conta na actualidade con 21 plans de xestión de poliquetos (10 na provincia da Coruña, 10 na de Pontevedra e un en Lugo) nos que participan 108 mariscadores a pé, 25 embarcacións e 42 mergulladores, unhas cifras que poderían aumentar o próximo ano. A produción destes recursos mariños alcanzou de media as 4,5 toneladas anuais desde 2009 e os profesionais do sector facturaron unha media de 225.000 euros ao ano.

O proxecto posto en marcha pretende estudar os ciclos biolóxicos e reprodutivos das tres principais especies de poliquetos explotadas na comunidade (*Lumbrineris impatiens*, *Diopatra neapolitana* e *Arenicola marina*) e dunha especie recentemente descuberta nas nosas costas, a *Eunice rousseau*, coñecida comunmente como milucho, cuxa extracción se pretende iniciar mediante un plan experimental-zonal na confraría do Grove.

A decisión de iniciar este estudo xurdiu porque a extracción dos poliquetos por parte das confrarías se deseña de acordo co coñecemento tradicional que os propios mariscadores teñen sobre o recurso. A isto súmase que a súa explotación non deixou de aumentar desde o inicio desta pesqueira, polo que, de manterse a tendencia no futuro, podería comezar a dar evidencias de sobreexplotación.

De momento o esforzo extractivo na comunidade non mostrou indicios de descenso das poboacións, pero a Consellería do Mar considera desexable basear os plans de explotación en avaliacións dos stocks que consideren a distribución espacial e a abundancia do recurso, así como o ciclo reprodutivo das distintas especies.

A investigación, na que se consultará aos propios mariscadores, permitirá dispor de información biolóxica do recurso nas áreas de explotación que favorecerá unha xestión baseada en cotas propostas sobre estimacións directas de abundancia, co que se cuantificaría o risco asociado a diferentes graos de explotación do recurso.

Esta acción investigadora ten especial relevancia tamén porque os poliquetos xogan un papel fundamental nos ecosistemas e a súa sobreexplotación tería consecuencias impredecibles para o resto dos recursos bentónicos, teñan ou non interese comercial.

GALICIA INVESTIRÁ 70 M€ NA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE 600 EMPRESAS PARA QUE SE ANTICIPEN AOS RETOS DO NOVO MODELO PRODUTIVO BASEADO NA INDUSTRIA 4.0

- ***A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, abrirá nas próximas semanas tres convocatorias de axudas por valor de 26,3M€ que están dirixidas sobre todo a pemes para impulsar a dixitalización, a fábrica intelixente e a innovación do tecido empresarial galego***
- ***A terceira edición da Fábrica Intelixente contará cun orzamento de 12,7M€ para apoiar proxectos estratéxicos de investigación e novas tecnoloxías***
- ***A iniciativa inclúe diversas novidades para acadar unha maior participación das compañías, como a redución á metade do orzamento mínimo dos proxectos, ata 2M€, e o aumento do seu prazo de execución ata xuño de 2022***
- ***A Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) destinará 8,6M€ ás pemes e micropemes para favorecer a súa competitividade e a aposta polas novas tecnoloxías nos procesos de produción e na maquinaria***
- ***Apoiarase con 5M€ a dixitalización da Industria 4.0 a través do desenvolvemento de cursos por parte de organismos intermedios para explorar solucións tecnolóxicas e o financiamento empresarial na Comunidade***
- ***Todas as actuacións enmárcanse na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia e na Axenda Industria 4.0, as follas de ruta que está executando o Goberno galego para acadar un novo modelo industrial vinculado á innovación e o emprego de tecnoloxías de última xeración***

A Administración autonómica investirá o próximo ano 26,3 millóns de euros, cos que prevé unha mobilización superior aos 70 millóns, en tres liñas de axudas dirixidas a apoiar o tecido empresarial galego -principalmente as pemes- na súa transformación dixital para que poidan anticiparse aos retos do novo modelo produtivo baseado na Industria 4.0. O Consello da Xunta informou hoxe destes tres programas que beneficiarán 600 empresas na súa aposta por impulsar a fábrica intelixente, a dixitalización e a innovación.

En concreto, as tres convocatorias da Consellería de Economía, Emprego e Industria das que se informa por anticipado de gasto son: a terceira edición da Fábrica Intelixente, que contará cun orzamento de 12,7 millóns de euros para apoiar proxectos estratéxicos de investigación e novas tecnoloxías; as axudas da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) que buscan con 8,6 millóns favorecer a competitividade das pemes e micropemes e impulsar a implantación das novas tecnoloxías e, por último, o Igape apoiará con 5 millóns a dixitalización do tecido empresarial galego.

Fábrica intelixente

A terceira convocatoria do programa Fábrica Intelixente, co que se estima unha mobilización de 31,3 millóns de euros e o apoio de entre oito e dez plans, ten como principal obxectivo lograr un novo modelo industrial de futuro para Galicia apoiando, para iso, o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de investigación e desenvolvemento

(I+D) e de innovación. Este programa da Axencia Galega de Innovación (Gain), deseñado a través dun proceso aberto co tecido industrial, busca que a chamada cuarta revolución industrial chegue realmente ás empresas impulsando a creación de emprego cualificado e facendo de Galicia un sitio máis atractivo para os investidores.

Os beneficiarios destas axudas -coas cales xa se apoiaron cinco proxectos industriais innovadores nas dúas edicións anteriores- son compañías, sen ningún tipo de restrición en canto ao seu tamaño, e organismos de investigación cun centro permanente en Galicia e que poida asumir como mínimo o 15% do orzamento total do proxecto. Nas dúas convocatorias que se fixeron ata o de agora apoiáronse iniciativas do grupo PSA e de Copo, en colaboración co Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), no campo do automóbil; de Televés no eido das TIC; de Finsa no ámbito da madeira; e do grupo CUPA no sector da lousa.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria financia, a través destas axudas, proxectos de I+D, que sexan desenvolvidos de xeito individual ou en cooperación entre firmas que pertencen a un mesmo grupo empresarial, que poden, á súa vez, cooperar cun organismo de investigación, tendo que asumir o 15% do orzamento; e proxectos de innovación en materia de procesos ou organización individuais (só para pemes) ou, nesta nova convocatoria como novidade, en cooperación entre compañías de, como máximo, dous grupos empresariais diferentes, sendo necesario que unha delas sexa unha peme.

A Xunta introduce, ademais, outras novidades importantes na terceira convocatoria do programa co obxectivo de acadar unha maior participación das pemes e unha mellor adaptación do financiamento público ás necesidades propostas polo propio tecido industrial. Así, redúcese o orzamento mínimo dos proxectos de 4M€ a 2M€ para permitir unha maior participación das pemes, mentres que o máximo continuará sendo de 10M€; a convocatoria permanecerá aberta todo o ano para adaptarse aos tempos das empresas e co obxectivo de que ningunha iniciativa quede sen apoio e auméntase o prazo para a execución dos proxectos, que será ata o 30 de xuño de 2022, pasando de dous a tres anos.

Deste xeito, simplifícanse algunhas das características para aumentar a versatilidade de cada proxecto e asegurar o seu impacto na economía galega. Os proxectos, ao igual que noutras edicións, terán que ser desenvolvidos en Galicia e pertencer a sectores estratéxicos, actuando como tractores nos eidos máis destacados da economía galega. A intensidade da axuda variará segundo o tipo de proxecto e empresa entre o 15 e o 80% do seu orzamento, prestando especial atención ás pemes.

Axudas á industria forestal

O segundo dos programas, do que se informa hoxe no Consello da Xunta, refírese a axudas da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) para apoiar 90 pemes e micropemes deste eido co obxectivo de favorecer a súa competitividade, incentivar o seu crecemento e a aposta polo uso de novas tecnoloxías nos procesos de produción e na

maquinaria. A Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé unha mobilización de 26 millóns.

Os beneficiarios destes apoios, que se publicarán no mes de xaneiro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), serán as empresas que formen parte do Rexistro de Empresas Forestais (Resfor). A intensidade máxima da axuda será do 40% do total ata un máximo de 150.000 euros por proxecto. Financiaranse, entre outros, plans de xestión, a implantación das certificacións forestais e de cadea de custodia, a adquisición de maquinaria nova de explotación forestal, de xestión da biomasa forestal e de primeira transformación da madeira.

O desenvolvemento e modernización da industria forestal permitirá no eido rural a xeración, consolidación e crecemento do tecido empresarial e a creación de emprego especializado e de calidade. Este é o reto principal de Xera que este ano, entre outros, apoiou con 8,1 millóns de euros 87 investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos e o desenvolvemento de máis de 60 accións formativas das cales se beneficiaron máis de 500 persoas. Tamén se convocaron axudas por valor de 1,2 millóns de euros para apoiar investimentos na industria de segunda transformación.

Apoio á dixitalización

Por último, a Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé mobilizar 13,28 millóns de euros coas axudas para a xeración de proxectos colaborativos de dixitalización e para apoiar as empresas que invistan en procesos de dixitalización para cubrir as súas necesidades. En total, prevé apoiar con este programa a 500 compañías. O deseño deste programa fíxose a través dun estudo realizado polo Igape co Clúster TIC de Galicia para detectar as principais necesidades de dixitalización en diversos sectores da economía galega.

A iniciativa busca facilitarlle ao tecido empresarial o coñecemento das tecnoloxías máis axeitadas e a súa implementación con garantías. Para iso, a Xunta apoia, dunha banda, o desenvolvemento de talleres de dixitalización, espazos de colaboración desenvolvidos por un mínimo de 6 empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración na posta en marcha de ferramentas dixitais. O apoio, que será dun máximo por proxecto de 25.000 euros, vai dirixido neste caso a organismos intermedios que son os que organizarán as iniciativas. Estímase a realización de 25 cursos nos cales participarán ao redor de 300 firmas.

Doutra banda, concederanse ás pemes axudas á dixitalización, coas que se apoiarán tanto o investimento en equipos e software como as colaboracións necesarias para a súa implementación. Financiaranse tanto proxectos colectivos de agrupacións de empresas como a nivel individual. Para as medianas empresas financiarase o 20% do proxecto e para as pequenas o 30%. Estímase poder beneficiar 200 empresas de xeito directo ou ben no marco de proxectos agrupados. Trátase dun programa que alcanza o seu segundo ano tras a boa acollida no 2018 no cal se apoiaron 170 empresas.

Os tres programas de axudas enmárcanse na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia e na Axenda Industria 4.0, as follas de ruta que está executando o Goberno galego para lograr un novo modelo industrial vinculado á innovación e emprego de tecnoloxías de última xeración.